

**INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DAVID BUJÁN**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DEPARTAMENTO  
DE  
XEOGRAFÍA E HISTORIA**



**CAMBRE**

**CURSO ACADÉMICO: 2021 - 2022**

## ÍNDICE:

1. Introducción e contextualización. 4
2. Contribución ás competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais. 9
3. Concreción dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave. 13
4. Grao mínimo de consecución para superar a materia. 129
5. Secuenciación e temporalización das unidades didácticas. 130
6. Concrecións metodolóxicas. 134
7. Materias e recursos didácticos. 136
8. Avaliación: 137
  - o Criterios de avaliación.
  - o Procedementos e instrumentos de avaliación.
  - o Criterios de cualificación.
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. 140
10. Actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes. 142
11. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato (cambios de modalidade ou de idioma) 142
12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. 143
13. Medidas de atención á diversidade. 143
14. Elementos transversais. 146
15. Contribución do departamento ao Proxecto Lector. 146
16. Contribución do departamento ao Plan TIC. 157
17. Contribución do departamento ao Plan de Convivencia. 158
18. Actividades complementarias e extraescolares. 159
19. Addenda. Plan de continxencia. 161
20. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. 162

## MATERIAS QUE IMPARTE O DEPARTAMENTO:

- XEOGRAFÍA & HISTORIA 1º ESO (3 h. / grupo = 9 h.).
- XEOGRAFÍA & HISTORIA 2º ESO (3 h. / grupo = 9 h.).
- XEOGRAFÍA & HISTORIA 3º ESO (3 h. / grupo = 9 h.).
- XEOGRAFÍA & HISTORIA 4º ESO (3 h. / grupo = 9 h.).
- HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO 1º Bacharelato (4 h. / grupo = 8 h.).
- HISTORIA DE ESPAÑA 2º Bacharelato (3 h. / grupo = 9 h.).
- XEOGRAFÍA 2º Bacharelato (4 h. / grupo = 4 h.).
- HISTORIA DA ARTE 2º Bacharelato (4 h. / grupo = 8 h.).

## CURSOS E GRUPOS DO DEPARTAMENTO:

PROFESORADO	CURSO / GRUPO	ÁREA / MATERIA	HORAS SEMANAIS
Ramón Barreiro Pimentel	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ 2º BACH A</li> <li>✓ 2º BACH B</li> <li>✓ 4º ESO A,B,C</li> <li>✓ 2º ESO C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ HISTORIA DE ESPAÑA</li> <li>✓ XEOGRAFÍA</li> <li>✓ XEOGRAFÍA &amp; HISTORIA</li> <li>✓ XEOGRAFÍA &amp; HISTORIA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3 h.</li> <li>4 h.</li> <li>9 h.</li> <li>3 h.</li> </ul>
Juan A. Colao Barbas	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ 2º BACH B,C</li> <li>✓ 1º BACH A,B</li> <li>✓ 2º ESO A</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ HISTORIA DA ARTE</li> <li>✓ Hª MUNDO CONTEMPOR.</li> <li>✓ XEOGRAFÍA &amp; HISTORIA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>8 h.</li> <li>8 h.</li> <li>3 h.</li> </ul>
Helena Gómez Vecino (Dpto. Filosofía)	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ 1º ESO A,B</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ XEOGRAFÍA &amp; HISTORIA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>6 h.</li> </ul>
Rosa Ana Carnero Bernal (Dpto. Debuxo)	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ 1º ESO C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ XEOGRAFÍA &amp; HISTORIA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3 h.</li> </ul>
José Mª Blanco Blanco Xefatura do Departamento	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ 2º BACH. B,C</li> <li>✓ 3º ESO. A,B,C</li> <li>✓ 2º ESO B</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ XEOGRAFÍA &amp; HISTORIA</li> <li>✓ HISTORIA DE ESPAÑA</li> <li>✓ XEOGRAFÍA &amp; HISTORIA</li> <li>✓ XEFATURA DEPART.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>6 h.</li> <li>9 h.</li> <li>3 h.</li> <li>3 h.</li> </ul>

A presente programación cumpre coas directrices establecidas pola Comisión Coordinadora Pedagóxica do Instituto.

**PROFESORADO DO DEPARTAMENTO:**

Asdo: Ramón Barreiro Pimentel	Asdo: Juan Antonio Colao Barbas
Asdo.: Helena Gómez Vecino	Asdo: Rosa Ana Carnero Bernal
	Xefatura do Departamento Asdo.: José M <sup>a</sup> Blanco Blanco
En Cambre a 14 setembro de 2021	

## 1. Introducción e Contextualización

*A área de influencia do noso Centro sitúase no sector oriental dunha comarca coruñesa de fonda significación histórica e xeográfica: as Mariñas dos Freires. O seu nome ten a súa orixe no mundo feudal, cando a ampla zona das Mariñas coruñesas se articulaban en dous espazos definidos pola titularidade das terras que as compoñían.*

*Así, o sector costeiro situado en torno a influencia da cidade de Betanzos e dominado pola nobreza laica vinculada aos Andrade, chamouse Dos Condes, e a zona do interior, rexentada polos monxes beneditinos de Cambre, chamouse, pola mesma razón, Dos Freires. Nunca mellor dito, xa que neste espazo xurisdiccional se xuntaba o poder de cinco cenobios da orde de San Bieito, os de Brives, Pravio, Vilacoba, Cambre e Abellá. Por se isto non fose suficiente, temos que contar tamén coa forte influencia que tiveron sobre a comarca os Cabaleiros Templarios da pobra do Burgo, monxes ao fin, ó menos ata a súa fulminante disolución en 1312. Polo tanto, o nome vén como anel ao dedo e aparece suficientemente xustifico.*

*Os límites históricos da comarca deben situarse nunha liña de contorno impreciso que transcorre ao través dos actuais municipios de Oleiros, Carral, A Coruña, Culleredo e Cambre, sendo precisamente este último o seu núcleo e eixo central de referencia. Como o municipio de Cambre é tamén a nosa principal área de actuación, agás outras como o de Carral ou a zona do Temple en Culleredo, que en realidade hoxe en día depende de outro centro de secundaria, constituirá o noso principal obxecto de estudio.*

*Cambre é unha zona de intensa e rica tradición histórica. Os primeiros vestixios da ocupación do territorio datan do Bronce Final, en torno a mil anos antes de X. C. Así, son de destacar os vestixios de castros en Cambre, Sigrás e Pravio, hoxe en día case inexistentes pola secular falta de xestión do patrimonio artístico e cultural. Esta orixe indoeuropea dos primeiros asentamentos na mariña dos freires reflíctese no mesmo topónimo "Cambre", emparentado coa voz céltica "Cambria", do que vén, por poñer un exemplo egrexio, Cambridge en Inglaterra.*

*A partir da fundación dun mosteiro no século X, Cambre converteuse no centro da Mariña dos Freires, un amplo territorio controlado de forma feudal polo clero regular. Con posterioridade, os Templarios erixiron a igrexa de Sta. M<sup>a</sup> do Temple (s. XIII), centro da súa actividade relixiosa, militar e administrativa ao carón da ría do Burgo. Polo mesmo tempo adquiriu auxe o camiño inglés a Santiago de Compostela, que transitaba por estes territorios.*

*Durante os séculos XIX e XX o municipio converteuse nun típico lugar de recreo coruñés, atraínte pola bondade do seu clima e polo denso das súas fragas, ambas calidades perfectamente retratadas no Bosque animado de Wenceslao Fernández Flórez. E así, en 1921 concedéuselle a Cambre o título de Vila, en recoñecemento ao bon trato dispensado aos veraneantes coruñeses durante décadas.*

*O monumento máis representativo da vila é sen dúbida a igrexa de Sta. M<sup>a</sup> de Cambre, pertencente ao antigo mosteiro do mesmo nome, obra mestra do románico galego, con formas moi canónicas e cheas de harmonía. É de destacar o seu testeiro poliabsidiado, típico das igrexas monacais, e as bandas e arquetes lombardos, de influencia francesa, que decoran os paramentos. No seu interior consérvase unha pía bautismal do século XIII, traída de Terra Santa polos cabaleiros templarios.*

*Outros monumentos salientables son a ponte románica da ría do Burgo, recentemente restaurada con criterio un tanto dubidoso, as igrexas de Sta. M<sup>a</sup> do Temple, do século XIII, e a de Sigrás, con restos do século XII e reformada completamente no século XVIII. O Concello posúe no seu seo gran cantidade de pazos, como o de Anceis, e espectaculares quintas das chamadas de "indianos", feitas, teoricamente, coas fortunas formadas polos oriúndos de Cambre nas Américas.*

*A cuantificación dos efectivos humanos da nosa comarca. así como a súa evolución no tempo, resulta do máximo interese para nós e os nosos fins. A análise da situación demográfica na que nos atopamos e a que debemos prever no futuro, influirá decisivamente na organización académica que queiramos ter no noso Centro.*

A primeira realidade que observamos na evolución demográfica de Cambre é que existen dous mundos claramente diferenciados. Así, existe unha área interior en franca regresión poboacional (parroquias de Sta. María de Vigo, Andeiro, Celas e Meixigo), fronte a unha zona máis cercana e mellor comunicada coa metrópole coruñesa (Anceis, Brexo, Brives, Sta. María de Cambre, Cecebre, Pravio, Sigrás e O Temple) que se atopan en franco e rápido crecemento nos últimos anos, seguindo a corrente migratoria da cidade cara ás áreas rururbáns, tan característica da década dos noventa. Este fenómeno é especialmente certo no que respecta a áreas como O Temple, A Barcala, Cecebre ou a propia cabeceira de comarca, que veñen acollendo dende hai tempo o establecemento de urbanizacións que atraen a veciños da cidade da Coruña cara estas zonas periféricas, na busca de mellores condicións de vivenda e vida. A saturación e encarecemento do espazo construtivo na cidade, xunto á modernización e acondicionamento das vías de comunicación favoreceu este fenómeno de suburbanización na que se establecen constantemente novas residencias e vivendas secundarias destinadas ao lecer. Ante esta situación, as nosas previsións apuntan con claridade cara un crecemento do alumnado dependente do Centro, fenómeno inverso ao que ocorre nalgúns zonas da cidade de A Coruña. Como exemplo da situación existente, comparemos algúns datos da tendencia demográfica dunha parroquia que perde poboación como Celas, xunto a outra en rápido crecemento como Sigrás:

O que primeiro chama a atención é sen dúbida o rápido crecemento que presenta o concello dende os anos oitenta, produto das circunstancias que xa fixemos notar máis arriba. En consecuencia, o Centro debe esperar nos próximos anos unha afluencia continuada e en aumento de alumnado. A mesma tendencia pódese observar en Concellos limítrofes como Culleredo ou, en menor medida, Carral. É importante salientar que o proceso inmigratorio detectado se concentra especialmente nos grupos de idade comprendidos entre os 20 e os 35 anos, colectivos de poboación en idade reprodutora e laboral.

Esta situación explica a relativamente alta taxa de natalidade que presenta o Concello de Cambre, que obviamente, convive co proceso xeral de envellecemento da poboación que sofre toda a comunidade autónoma galega, tal vez aquí menos acusado que en outros lugares. Por outra parte, o proceso de feminización tákase nun 1,05 en favor das mulleres.

Un primeiro dato que nos interesa é a taxa de escolaridade da poboación xa que está en relación directa coa evolución do mundo do traballo e da poboación activa. A franxa de 4 a 17 anos (educación primaria e secundaria) aporta cifras esperables e similares á media nacional. Sen embargo, os datos para as idades de 18 a 25 anos (ensinanza superior) mostran unha baixa escolaridade, só o 2% da poboación accede a este tipo de estudos especializados. Pensamos que esta porcentaxe debería mellorarse no futuro para que os cadros especializados que a zona necesita xurdan do seu propio seo.

Antes, diremos que Cambre ata os anos 70 caracterizouse pola súa actividade agrícola. Dende entón, e debido a expansión do fenómeno metropolitano, a estrutura económica alterouse profundamente, dando cabida a un intenso crecemento do sector servizos, acompañado por outro máis moderado das actividades industriais.

Así, hoxe en día, o sector máis importante da vida económica é o terciario (48,61%), seguido do secundario (43,42 %), e reducindo só ao 8,97% o sector primario, hexemónico na zona hai vinte anos. Temos que ter en conta, ademais, que gran parte da nova poboación que absorbe Cambre, desempeña as súas tarefas ocupacionais na bisbarra coruñesa

Temos que recordar aquí que o peso industrial de áreas como a do Temple, é incomparablemente maior que o das parroquias rurais do interior, onde, na práctica, estas cifras globais invértense.

O sector primario de Cambre céntrase nunha agricultura de acusado minifundismo. Das 1301 explotacións agrarias que posuía o Concello en 1982, 1241 (o 84%) eran menores de 5 Has, e soamente 12 (o 4%) superaban as 10 Has. Eso quere dicir que basicamente a actividade agrícola en Cambre é de subsistencia e subsidiaria a tempo parcial sen capitalización. Considérase a terra e o cultivo como un complemento económico de outras actividades principais. Fronte a este modelo, comezan timidamente a aparecer formas modernas de produción hortofrutícola e de flor. Con esta modalidade máis desenvolvida integrouse a gandaría intensiva leiteira e cárnica, que substituíu moi rapidamente as formas arcaicas de imbricar o gando no agro, xa imposibles de manter. O réxime de tenza de terra dominante é a propiedade plena, con un 75% do total, fronte a outras testemuñas como o arrendamento ou a parcería.

*Pese ao que poida pensarse, o Concello ten certa tradición manufactureira, así, en 1804 o ilustre polígrafo ferrolán Lucas Labrada na súa magna obra: Historia y descripción del Reino de Galicia, cita a existencia dende 1798 dunha fábrica de téxtiles en Sigrás:*

*"Hallándose allí en el lugar de Sigrás una fábrica de pintados de algodón y lino, que establecieron habrá ocho años D. Enrique Bret y D. Luis de Vitry, la cual ha sido formada por el consulado, y sigue con bastante aceptación y despacho de sus manufacturas."*

*De todas as maneiras, este feito non pasa de ser episódico, e non parece que tivera continuidade. O desenvolvemento do sector industrial en Cambre é, hoxe en día, aínda discreto, pero ten visos de crecer fortemente no polígono industrial do Espírito Santo. A escasez de solo industrial na Coruña provocou o establecemento destes polos de desenvolvemento nos arredores da metrópole. E esta corrente exóxena afecta directamente o noso Concello. A nova industria que nos vén, apunta a característica xeral de toda a zona coruñesa, onde predomina o comercio maiorista e os depósitos de grandes fábricas, máis que a pura produción. Así, por exemplo, o polígono do Temple é case exclusivamente comercial. Esta circunstancia fai que o número de traballadores por m<sup>2</sup> sexa moito menor que nas industrias "puras", por outra parte, cada vez máis raras en Galicia.*

*O sector servizos é o que mellores expectativas ten, e o que goza de mellor saúde no Concello. As actividades máis desenvolvidas son o comercio e a hostalería que empregan a case o 50% da poboación do sector. Séguenlle en importancia o transporte, a educación e a saúde. Un dos servizos máis importantes é o do automóbil. En 1995 os establecementos adicados á reparación e/ou venda dos mesmos superaban a cincuenta, o que dá idea da potencia e implantación do sector. A alimentación é tamén unha actividade fortemente representada (unha ducia de supermercados e outros tantos ultramarinos en 1995). As institucións financeiras están representadas por catro sucursais bancarias e dúas oficinas de A Banca. Os establecementos lúdicos (cines, pubs, discotecas) non son moi numerosos no Concello, o único cine, pertencente á familia Eiroa, pechou hai tempo e a única discoteca censada é "El Bosque" en Cecebre tamén pechou. Por contra, o Concello de Cambre a través da súa concellaría de Cultura fai unha oferta cultural ampla e de calidade: festas patronais, actividades de tempo libre, conferencias, exposicións e concertos teñen constante protagonismo na vida cotiá de Cambre.*

*Tamén facer referencia ás múltiples ofertas culturais que propoñen ademais do Concello de Cambre, as diferentes asociacións culturais da zona.*

## REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).





**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**1º DE ESO**

**CURSO: 2021 – 2022**

## PRIMEIRO CURSO

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

2. Contribución ás competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.

3. Concreción dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	Comunicación lingüística. Competencia dixital Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía Comunicación lingüística. Aprender a aprender.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Aprender a aprender.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Comunicación lingüística.

Conciencia e expresións culturais.

Competencias sociais e cívicas.

Aprender a aprender.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

Comunicación lingüística.

Conciencia e expresións culturais.

Competencias sociais e cívicas.

Aprender a aprender.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Conciencia e expresións culturais.

Comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Competencias sociais e cívicas

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Comunicación lingüística.

Conciencia e expresións culturais.

Competencias sociais e cívicas.

Aprender a aprender.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Comunicación lingüística.

Conciencia e expresións culturais.

Competencias sociais e cívicas.

Aprender a aprender.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Comunicación lingüística.

Conciencia e expresións culturais.

Competencias sociais e cívicas.

Aprender a aprender.

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
<p>a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p>b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender</p>
<p>c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.</p>
<p>d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p>e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p>	<p>Comunicación lingüística. Competencia dixital Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.</p>
<p>f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.</p>	<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía Comunicación lingüística. Aprender a aprender.</p>
<p>g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>	<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.</p>
<p>h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.</p>	<p>Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.</p>
<p>l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos</p>	<p>Conciencia e expresións culturais.</p>

básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Competencias sociais e cívicas

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Comunicación lingüística.

Conciencia e expresións culturais.

Competencias sociais e cívicas.

Aprender a aprender.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Comunicación lingüística.

Conciencia e expresións culturais.

Competencias sociais e cívicas.

Aprender a aprender.

### 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

A adquisición de competencias é un longo proceso que abrangue toda a vida de cada ser humano. Iníciase na etapa académica e prosegue na vida adulta. Pero os anos de formación escolar son fundamentais para o posterior desenvolvemento persoal, social e profesional.

Precisamente para favorecer ao máximo este desenvolvemento, identificáronse un grupo de sete competencias, que, polo seu rol vertebrador, se denominaron como Competencias Clave:

- Competencia lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Competencia dixital
- Aprender a aprender
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- Conciencia e expresións culturais

#### – **COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa nun contexto social e cultural determinado.

É unha competencia complexa que inclúe tanto aspectos propiamente lingüísticos como sociais, culturais e prácticos.

O seu desenvolvemento artéllase arredor de cinco compoñentes relacionados cos seus ámbitos de aplicación ou dimensións:

- O **compoñente lingüístico** céntrase, principalmente, nas dimensións léxica, gramatical, semántica, fonolóxica, ortográfica e ortoépica.
- O **compoñente pragmático-discursivo** contempla as dimensións relacionadas coa aplicación da linguaxe e os discursos en contextos comunicativos concretos.
- O **compoñente sociocultural** inclúe as dimensións centradas no coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O **compoñente estratéxico** céntrase no desenvolvemento de destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación.
- O **compoñente persoal** potencia a actitude, a motivación e os trazos da personalidade a través da interacción comunicativa.

#### – **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA**

##### **a) A competencia matemática.**

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require de coñecementos sobre:

- Os números, as medidas e as estruturas.
- As operacións e as representacións matemáticas.
- A comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

A competencia matemática supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A aplicación das ferramentas e coñecementos matemáticos a distintos contextos persoais, sociais, profesionais ou científicos.
- A realización de xuízos fundados e de cadeas argumentais na realización de cálculos.
- A análise de gráficos e representacións matemáticas e a manipulación de expresións alxébricas.

Estes coñecementos e destrezas artéllanse en catro áreas interrelacionadas entre si e relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística:

- A cantidade céntrase na cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo.
- O espazo e a forma inclúen fenómenos da nosa redonda visual e física como propiedades e posicións de obxectos ou decodificación de información visual.
- O cambio e as relacións céntrase nas relacións entre os obxectos e as circunstancias nas que ditos obxectos se interrelacionan.
- A incerteza e os datos son un elemento central da análise matemática presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas.

## **b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico favorecendo:

- A interacción responsable co medio natural a través de accións que favorezan a conservación do medio natural.
- O desenvolvemento do pensamento científico coa aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son:

- Sistemas físicos, que están asociados ao comportamento das substancias no ámbito fisicoquímico.
- Sistemas biolóxicos propios dos seres vivos dotados dunha complexidade orgánica que é preciso coñecer para preservalos e evitar o seu deterioro.
- Sistemas da Terra e do Espazo desde a perspectiva xeolóxica e cosmogónica, centrada na orixe do Universo e da Terra.
- Sistemas tecnolóxicos derivados, basicamente, da aplicación dos saberes científicos aos usos cotiáns de instrumentos, máquinas e ferramentas.

### **– COMPETENCIA DIXITAL**

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para favorecer o seu uso na redonda laboral, potenciar a aprendizaxe, xestionar o tempo libre e contribuír á participación na sociedade.

Para alcanzar estes fins, o desenvolvemento da competencia artéllase arredor dos seguintes ámbitos:

- A información, particularmente a xestión da información, o coñecemento dos soportes a través dos cales se difunde e o uso de motores de procura.
- A comunicación, desenvolvendo o coñecemento dos medios de comunicación dixital e a utilización de paquetes de software de comunicación
- A creación de contido, centrándose no uso de diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes) e programas/aplicacións para crear contidos.
- A seguridade, que implica coñecer os riscos asociados ao uso das tecnoloxías ou de recursos online e as estratexias ou actitudes adecuadas para evitalos
- A resolución de problemas, centrada no uso de dispositivos dixitais para resolver problemas e a identificación de fontes para buscar axuda teórica ou práctica.

### **– APRENDER A APRENDER**

A competencia aprender a aprender caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.

É unha competencia fundamental para facilitar a aprendizaxe ao longo da vida e artículase arredor de:

- A capacidade para motivarse a aprender, que depende da curiosidade e da conciencia da necesidade de aprender do alumnado.

- A organización e xestión da aprendizaxe, que require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe na realización das tarefas de aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, a organización e xestión da aprendizaxe desenvólvese a través de dous aspectos clave da competencia para aprender a aprender:

- A comprensión de procesos mentais implicados na aprendizaxe: que se sabe ou descoñece e o coñecemento de disciplinas e estratexias para realizar unha tarefa.
- A adquisición de destrezas de autorregulación e control fundamentados no desenvolvemento de estratexias de planificación, revisión e avaliación.

## – **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS**

### **a) A competencia social**

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo en relación á saúde, tanto física como mental, e ao estilo de vida saudable que a favorece.

Esta competencia está estreitamente ligada ás redondas sociais inmediatas do alumnado e artéllase a través de:

- Os coñecementos que permitan comprender e analizar de forma crítica os códigos de conduta e os usos de distintas sociedades e redondas.
- A comprensión de conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación.
- O recoñecemento das dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas.

### **A competencia cívica**

A competencia cívica baséase no coñecemento dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís. Este coñecemento supón á súa vez:

- A comprensión de como se formulan ditos conceptos na Constitución, na Carta dos Dereitos Fundamentais da UE e outras declaracións internacionais.
- A aplicación de ditos conceptos en diversas institucións de ámbito local, rexional, nacional, europeo e internacional.
- A identificación dos acontecementos contemporáneos máis destacados e a comprensión de procesos sociais e culturais da sociedade actual.

A competencia cívica supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que lle afecten á comunidade.
- A reflexión crítica e creativa e a participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato.
- A toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo e, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.

## – **SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos, para o que se require:

- Adquirir conciencia da situación que se quere intervir ou resolver.
- Planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Estes fins acádanse na competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor a través dos seguintes ámbitos:

- A capacidade creadora e de innovación centrada no desenvolvemento da creatividade, o autoconhecimento, a autonomía, o esforzo e a iniciativa.
- A capacidade pro-activa para xestionar proxectos que implica destrezas como a planificación, a xestión e toma de decisións ou a resolución de problemas.



- A capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza en diferentes contextos e situacións.
- As calidades de liderado e de traballo, tanto individual como formando parte ou liderando un equipo.
- O sentido crítico e da responsabilidade, en especial no que á asunción das propias responsabilidades se refire.

– **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI**

A competencia en conciencia e expresións culturais artículase arredor dos seguintes aspectos:

- Coñecer as manifestacións culturais e artísticas valorándoas como unha fonte de enriquecemento persoal e como parte do patrimonio dos pobos.
- Desenvolver a propia capacidade estética e creadora vinculada ao dominio das capacidades relacionadas con distintos códigos artísticos e culturais.

Estes aspectos da competencia en conciencia e expresións culturais desenvólvese ao mesmo tempo a través de:

- O coñecemento de xéneros, estilos, técnicas e linguaxes artística.,
- O desenvolvemento da capacidade e interese por expresarse e comunicar ideas.
- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación.
- O interese polas obras artísticas e a participación na vida cultural da redonda.
- A capacidade de esforzo e a disciplina necesarias para a produción artística.

**BLOQUE 1: CONTIDOS**

- As características da Terra e a posición que ocupa no Espazo.
- As orixes do Universo.
- A Vía Láctea.
- Os planetas do Sistema Solar.
- A forma e a dimensión da Terra.
- As coordenadas xeográficas.
- A representación da Terra. Os distintos tipos de proxeccións.
- A representación da Terra a partir de diversas proxeccións.
- O uso das proxeccións cartográficas.
- Os mapas físicos.
- Os mapas temáticos e a súa interpretación.
- O globo terráqueo e o planisferio.
- A latitude e a lonxitude na localización das liñas imaxinarias da Terra.
- A orientación e localización mediante as TIC e os sistemas de GPS.
- Os SIG; características, usos e elementos que o integran.
- Interpretación dun mapa topográfico.
- Análise dun mapa de fusos horarios.
- Os marcos horarios; horario oficial e horario solar.
- Traballar con diversas aplicacións “App” e novas fontes dixitais.
- Utilización do vocabulario específico do tema.

**BLOQUE 1: CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Analizar e identificar a forma e dimensións do noso planeta a partir do estudo de mapas físicos e de mapas temáticos.
- Identificar e distinguir os diferentes tipos de proxeccións da Terra, a partir da análise das representacións cartográficas e as súas escalas.
- Observar a representación da Terra, a partir da localización nun mapa de espazos xeográficos utilizando as coordenadas xeográficas.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE • DESCRIPTORES

### BLOQUE 1: ESTÁND. DE APRENDIZAXE E COMPET. CLAVE

- Analiza e clasifica tipos de mapas e proxeccións segundo a súa función e utilidade. *C. Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender - C. Dixital - C. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía.*
- Analiza mapas de fusos horarios e comprende o procedemento das distintas unificacións horarias do planeta. - *C. Lingüística - C. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía. - C. Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender - C. Dixital - C. Lingüística.*
- Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.. *C. Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender - C. Dixital - C. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía.*
- Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa a partir da análise de datos e a aplicación de coordenadas xeográficas .. *C. Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender - C. Dixital - C. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía.*
- Indica as características e o uso dos meridianos e paralelos do globo terráqueo. *C. Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender.*
- Compara distintos tipos de mapas e proxeccións. *Sociais e Cívicas - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor - C. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía.*

### BLOQUE 1: DESCRIPTORES

- Explica as características dun mapa topográfico, os distintos elementos que figuran nel e os principais usos que se lle atribúen. P. 011, Act. 06.
- Formula as distintas características e utilidade dun mapa temático, e explica e argumenta cal é o tipo de mapa temático máis utilizado. P. 011, Act. 07.
- Prepara e redacta o guión para unha exposición oral sobre a utilidade actual dos mapas, e realiza a presentación diante do resto das compañeiras e compañeiros da clase. P. 011, Act. 09.
- Explica en cantos fusos horarios está dividida a Terra e arguméntao. P. 015, Act. 1 a).
- Analiza os cambios horarios a partir de distintas situacións xeográficas formuladas. P. 015, Act. 1 d) e e).
- Argumenta por que é importante que exista unificación horaria dentro dun mesmo país, e formula que sucedería en caso contrario. P. 015, Act. 1 c).
- Explica en que consisten os dous hemisferios nos que se divide a Terra, e que nome recibe o paralelo 0º. P. 007, Act. 02.
- Determina se a Terra é unha esfera perfecta, argumenta a súa resposta, e indica o nome que recibe a forma do planeta Terra. P. 007, Act. 07.
- Explica as características dos dous hemisferios da Terra, e formula en cal dos dous existe unha maior proporción de terras emerxidas. P. 007, Act. 08.
- Explica os distintos valores que poden alcanzar, en graos, os meridianos cara ao Leste ou cara ao Oeste. P. 007, Act. 05.
- Redacta un correo electrónico de dous parágrafos dirixido a un compañeiro ou compañeira da clase onde se explique a importancia e a utilidade das coordenadas xeográficas. P. 007, Act. 11.
- Compara a lonxitude do Ecuador coa dun trópico, e indica cal dos dous ten maior dimensión. P. 007, Act. 10.
- Compara a lonxitude do Ecuador coa lonxitude dun trópico, e indica cal dos dous ten unha maior dimensión. P. 007, Act. 10.
- Explica os graos máximos que poden acadar os meridianos cara ao Leste ou cara ao Oeste. P. 007, Act. 05.
- Analiza en grupos os tipos de mapas que se utilizan nos distintos países, compáraos, indica características e as súas vantaxes e inconvenientes. P. 009, Act. 07.
- Distingue as características e usos das diversas proxeccións cartográficas. P. 009 Acts. 01 a 03.

**BLOQUE 1: CONTIDOS**

- A estrutura da Terra: o seu núcleo, o seu manto e a codia.
- O lugar máis elevado e o lugar que está máis profundo da Terra.
- Panxea e a deriva continental.
- Os volcáns e a súa estrutura.
- Os terremotos.
- A magnitude dos terremotos: Escalas de Mercalli e de Richter.
- Os axentes externos da formación do relevo.
- A acción moldeadora da auga.
- A acción moldeadora do vento.
- A acción erosiva da vexetación.
- A acción moldeadora do ser humano.
- As formas do relevo terrestre e oceánico.
- O relevo dos continentes.
- Os tres grandes conxuntos do relevo de Europa: A Gran Chaira, os macizos antigos e os mozos.
- A altimetría do relevo.
- Interpretación dun perfil altimétrico.
- Análise dun porto de montaña e dunha etapa da Volta Ciclista a España.
- Representación de perfís.
- Trabalo con mapas.
- Localización de sendeiros nos mapas.
- Deseño dun itinerario natural.
- Análise das consecuencias dos terremotos en distintos puntos do planeta.
- Elaboración dunha maqueta dunha montaña da redonda.
- Confección dun álbum fotográfico con elementos do relevo europeo.

**BLOQUE 1: CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Analizar e identificar as formas de representación do noso planeta e localizalas correctamente espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- Coñecer, describir e valorar a acción do home sobre o medio ambiente e as súas consecuencias.
  
- Describir as peculiaridades do medio físico español, europeo e mundial situando os elementos principais en mapas e planisferios

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE • DESCRITORES

### BLOQUE 1: ESTÁND. DE APRENDIZAXE E COMPET. CLAVE

- Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. *C. Aprender a Aprender – C. Lingüística – C. Dixital.*
- Localiza no mapa as principais unidades e elementos do relevo europeo. *C. Lingüística - C. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía. - C. Aprender a Aprender - C. Dixital.*
- Localiza nun mapa físico mundial os principais elementos e referencias físicas: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ademais dos ríos e das principais cadeas montañosas. *C. Aprender a Aprender - C. Dixital - C. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía.*
- Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español, europeo e mundial. *C. Aprender a Aprender - C. Dixital - C. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.*
- Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e mundial. *C. Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender - C. Lingüística - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor – C. Dixital - C. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía.*
- Describe as diferentes unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. *Sociais e Cívicas - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor - C. Lingüística - C. Aprender a Aprender.*
- características do relevo europeo. *Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender - C. Matemática, Ciencias e Tecnoloxía.*
- Indica as consecuencias da relación entre a acción humana e os problemas medioambientais. *Sociais e Cívicas - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor - C. Lingüística - C. Aprender a Aprender – C. Dixital*

### BLOQUE 1: DESCRITORES

- Localiza o Everest e a fosa das Marianas nun planisferio e indica en que continente e océano se encontran cada un deles. P. 020, Act. 01.
- Elabora un álbum fotográfico dixital coas unidades do relevo europeo indicando a súa localización con coordenadas xeográficas. P. 038, Act. 05.
- Localiza no mapa os nomes e a situación dos dous estreitos que separan o mar Exeo do mar Negro. P. 030, Act. 03.
- Localiza no mapa proposto os picos máis elevados das distintas cordilleiras europeas. P. 030, Act. 05.
- Localiza nun mapa físico da Terra as principais unidades de relevo dos cinco continentes. P. 028, Act. 02.
- Localiza o Everest e a fosa das Marianas nun planisferio e indica en que continente e océano se encontran cada un deles. P. 020, Act. 01.
- Localiza no mapa formulado as principais unidades do relevo dos cinco continentes. P. 028, Act. 02.
- Sitúa no mapa físico proposto no libro os picos máis elevados de cada unha das cordilleiras europeas. P. 030, Act. 05.
- Describe, a partir da observación dun mapa físico de España, as características do relevo español. P. 032, Act. 01.
- Describe os efectos que teñen os terremotos de gran intensidade sobre o territorio. P. 023, Act. 01.
- Explica como os axentes internos modifican o relevo terrestre. P. 023, Act. 02.
- Indica no mapa proposto os bordes montañosos da Meseta, e as cordilleiras que se sitúan na periferia peninsular. P. 032, Act. 02.
- Describe as formas do relevo que hai nalgún itinerario local. P. 037, Act. 02 a).
- Analiza o mapa proposto e indica os límites físicos de Europa, e os mares e océanos limítrofes coas costas europeas. P. 030, Act. 01.
- Observa o mapa do libro e localiza as principais formas do relevo de Europa. P. 030, Act. 02.
- Señala as consecuencias sobre o medio que tivo a construción da serie de todos os encoros do río Ebro. P. 025, Act. 02.
- Indica as vantaxes e/ou os inconvenientes da construción dunha vila nun determinado emprazamento. P. 027, Act. 06.

## BLOQUE 1: CONTIDOS

- A auga na natureza.
- A hidrosfera.
- A auga como fonte de recursos.
- O consumo de auga.
- O ciclo natural da auga.
- As augas oceánicas: auga salgada.
- A auga en movemento: correntes mariñas e mareas.
- O aproveitamento da riqueza que hai nos océanos e nos mares.
- As augas continentais.
- Os ríos e os lagos.
- As augas subterráneas: os acuíferos.
- Os icebergs e os glaciares.
- A auga atmosférica.
- A distribución das augas do planeta: os océanos e os mares.
- Os ríos de Europa e de España.
- As vertentes hidrográficas europeas e españolas.
- Valoración da escaseza de auga.
- Análise das consecuencias da crise mundial pola escaseza de auga.
- Comparación sobre o acceso e dispoñibilidade da auga.
- Lectura da factura da auga.
- Interpretación da presenza de auga nunha paisaxe natural mediterránea.
- Análise do caudal dos ríos españois.
- Elaboración dun decálogo polo desenvolvemento sostible.
- Confección dun póster dixital para defender o decálogo polo desenvolvemento sostible.

Bloque 3 Crit. Aval. 3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. Est. Apr. XHB3.22.3. Entende qué significou a ‘romanización’ en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	3.22.3.3 Realiza unha procura de información na Internet ou outras fontes sobre os restos romanos existentes na propia Comunidade comentando a información obtida.	Necesita pautas ou axuda docente para localizar a información na Internet ou outras fontes e para interpretar e comentar a información obtida.	Localiza de forma autónoma a información obtida na Internet ou outras fontes e describe de forma imprecisa ou con erros de interpretación os principais restos romanos da Comunidade a partir da información obtida.	Localiza de forma autónoma a información obtida na Internet ou outras fontes e describe adecuadamente os principais restos romanos da Comunidade a partir da información obtida.	Localiza de forma autónoma a información obtida na Internet ou outras fontes, describe con detalle os principais restos romanos da Comunidade a partir da información obtida e valora de forma razoada a importancia do patrimonio romano.	T. 15	P. 289 A. 04	Dixital

CRITERIO DE AVALIACIÓN ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE- MAS	ACTIVI- DADES	COMPETENC. CLAVE
Bloque 3 Crit. Aval. 3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. Est. Apr. XHB3.22.3. Entende qué significou a ‘romanización’ en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	3.22.3.4 Describe as achegas na produción e as técnicas agrícolas que introduciron os romanos en Hispania.	Sinala o nome dalgunha achega á agricultura introducida polos romanos en Hispania sen describirla nin valorar a súa importancia.	Describe brevemente algunha achega na produción e as técnicas ou instrumentos agrícolas introducidos polos romanos en Hispania e sinala que estas achegas supuxeron unha mellora da produción agraria.	Describe con certo grao de detalle algunhas achegas na produción e as técnicas agrícolas ou instrumentos introducidos polos romanos en Hispania e explica brevemente por que estas achegas supuxeron unha mellora da produción agraria.	Describe con detalle as principais achegas na produción e as técnicas agrícolas ou instrumentos introducidos polos romanos en Hispania e explica con precisión por que estas achegas supuxeron unha mellora da produción agraria.	T. 15	P. 291 A. 02	Comunicación lingüística
Bloque 3 Crit. Aval. 3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. Est. Apr. XHB3.22.3. Entende qué significou a ‘romanización’ en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	3.22.3.5 Describe as achegas na produción e as técnicas agrícolas que introduciron os romanos en Hispania.	Sinala o nome dalgunha achega á agricultura introducida polos romanos en Hispania sen describirla nin valorar a súa importancia.	Describe brevemente algunha achega na produción e as técnicas ou instrumentos agrícolas introducidos polos romanos en Hispania e sinala que estas achegas supuxeron unha mellora da produción agraria.	Describe con certo grao de detalle algunhas achegas na produción e as técnicas agrícolas ou instrumentos introducidos polos romanos en Hispania e explica brevemente por que estas achegas supuxeron unha mellora da produción agraria.	Describe con detalle as principais achegas na produción e as técnicas agrícolas ou instrumentos introducidos polos romanos en Hispania e explica con precisión por que estas achegas supuxeron unha mellora da produción agraria.	T. 15	P. 291 A. 04	Comunicación lingüística





#### 4. CONTIDOS E GRAO MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

Coa fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade, deberán facerse públicos os criterios xerais que se aplicaran para a avaliación das aprendizaxes, promoción e titulación.

Informarase ao comezo do período lectivo sobre os contidos mínimos esixibles para a superación das diferentes materias, tamén de pendentes, os procedementos de recuperación e de apoio previstos, e os criterios de avaliación e procedementos de calificación aplicables.

A continuación, e para cada unha das unidades deste curso, indícanse os contidos mínimos esixibles que o alumnado deberá ter adquirido para superar a materia de Xeografía e Historia no Primeiro Curso da ESO e que se basearan nas competencias clave citadas.

1. A forma da Terra.
2. As liñas imaxinarias: concepto de ecuador, hemisferio, latitude, lonxitude, paralelos, meridianos, polos. A súa localización no globo terráqueo e nos mapas.
3. Localizar no mapa o una esfera un punto calquera coñecendo as súas coordenadas.
4. O movemento de rotación e as súas consecuencias. Os fusos horarios.
5. O movemento de translación.
6. Concepto de mapa e escala. Identificación e interpretación da lenda dun mapa. Realización de exercicios relacionados coa escala dos mapas.
7. Vocabulario específico relacionado coas formas do relevo e identificación das mesmas.
8. Coñecemento dos continentes e dos océanos.
9. Coñecemento das principais unidades de relevo continental e litoral, mares e ríos.
10. Ubicar correctamente no mapa os principais accidentes xeográficos de Galicia, de España e de Europa.
11. Concepto de tempo e clima.
12. Coñecemento dos elementos do clima.
13. Dominar os conceptos básicos de temperatura e precipitacións para a correcta interpretación dos climogramas.
14. Situación nun mapa das grandes zonas climáticas e principais características.
15. Distinguir as características das paisaxes naturais das diferentes zonas climáticas da Península Ibérica.
16. Concienciarse dos principais problemas medioambientais.
17. Coñecer a distribución dos diferentes continentes sabendo localizar no planisferio os países máis importantes.
18. Utilización das unidades de tempo histórico: milenio, século, antes e despois de Cristo.
19. Diferenza entre economía depredadora e produtora.
20. Diferenciar o Paleolítico do Neolítico, apreciando as achegas e descubrimentos realizados durante a Prehistoria.

21. O modo de vida das sociedades cazadoras-recolleitoras (instrumentos de pedra tallada, primeiras crenzas relixiosas, primeiras manifestacións artísticas...)
22. O modo de vidas das sociedades agrícola-gandeiras (sedentarización, primeiras aldeas, inicio da metalurxia...)
23. As primeiras civilizacións históricas: Mesopotamia e Exipto. Localización xeográfica e trazos xerais.
24. Coñecemento dos trazos máis relevantes da civilización e da vida cotiá dos gregos e dos romanos.
25. Recoñecer as principais achegas de Grecia e Roma á civilización occidental.
26. Facer unha lectura comprensiva dun texto sinxelo sobre un tema histórico ou sobre unha realidade xeográfica, dentro da programación vixente.

## 5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

### Primeiro trimestre

#### EMA 1. O PLANETA TERRA

1. A Terra, un planeta do Sistema Solar
2. O planeta Terra: forma e dimensións
3. A representación da Terra
4. Os mapas
5. Estudo de caso. Pero... onde estamos? Como localizar un territorio no planeta?

*Obradoiro de Xeografía - Síntese*

#### TEMA 2. O RELEVO DA TERRA

1. A capa externa da Terra
2. Os axentes internos da formación do relevo
3. Os axentes externos da formación do relevo
4. Impacto humano. Onde situarías algunhas infraestruturas?
5. As formas do relevo da Terra
6. O relevo de Europa
7. O relevo de España
8. Estudo de caso. Percorrendo o relevo en bicicleta

*Obradoiro de Xeografía – Síntese*

#### TEMA 3. A HIDROSFERA: AUGA DOCE E AUGA SALGADA

1. A auga na natureza
2. As augas oceánicas
3. As augas continentais
4. A distribución das augas no planeta
5. Ríos de Europa e ríos de España
6. Análise de problemas. Sede: falta de auga ou desigualdade social?

*Obradoiro de Xeografía - Síntese*

#### TEMA 4. O TEMPO ATMOSFÉRICO

1. A atmosfera
2. A radiación solar e a temperatura
3. A humidade do aire e as precipitacións
4. A presión atmosférica e os ventos
5. Estudo de caso. Pódense prever as riadas e inundacións?
6. Análise de problemas. Podemos contribuír a reducir a chuvia ácida no noso continente?

*Obradoiro de Xeografía - Síntese*

## **TEMA 5. OS CLIMAS DA TERRA**

1. A distribución das temperaturas
2. A distribución das precipitacións
3. Os climas do planeta
4. Os climas de España
5. Estudo de caso. Os monzóns
6. Impacto humano. Que é o efecto invernadoiro?

*Obradoiro de Xeografía – Síntese*

## **SEGUNDO TRIMESTRE**

### **TEMA 6. AS PAISAXES DE CLIMAS TEMPERADOS**

1. As paisaxes de Europa
2. A paisaxe oceánica
3. A paisaxe mediterránea
4. A paisaxe continental
5. As paisaxes de España
6. Descubre. As paisaxes humanizadas de España
7. Impacto humano. Pódense evitar os incendios forestais?
8. Análise de problemas. Por que desaparece o mar de Aral?

*Obradoiro de Xeografía - Síntese*

### **TEMA 7. AS PAISAXES DE CLIMAS EXTREMOS**

1. A paisaxe ecuatorial
2. A paisaxe tropical
3. A paisaxe desértica cálida
4. A paisaxe das zonas frías
5. Estudo de caso. A paisaxe antártica
6. Impacto humano. A destrución das paisaxes por deforestación

*Obradoiro de Xeografía - Síntese*

### **TEMA 8. OS PROBLEMAS AMBIENTAIS**

1. A Terra é un ecosistema
2. Riscos e catástrofes
3. O ecosistema urbano
4. Estudo de caso. O desastre do Exxon Valdez, un exemplo de marea negra
5. Análise de problemas. Distribución e consumo de recursos naturais

*Obradoiro de Xeografía - Síntese*

### **PROXECTO TIC: ABRACADABRA! ONDE VAN OS TEUS RESIDUOS?**

### **TEMA 9. A PREHISTORIA**

1. Pregunta clave. Como evolucionaron os nosos antepasados?
2. As comunidades de cazadores-colleiteiros
3. As aldeas agrícolas e gandeiras
4. Os primeiros metalúrxicos
5. Viaxa ao pasado. Marta investiga a Prehistoria
6. O enigma. Como se construían os megálitos?
7. O recanto da arte. Arte e maxia
8. Descubre. A Prehistoria na península Ibérica
9. A Prehistoria de Galicia. Megálitos e petróglifos

*Obradoiro de Historia - Síntese*

### **TEMA 10. AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS: MESOPOTAMIA E EXIPTO**

1. Pregunta clave. Por que as primeiras civilizacións xurdiron ás beiras de grandes ríos?
2. Mesopotamia, a terra entre dous ríos
3. O Exipto dos faraóns
4. Viaxa ao pasado. Habib e Merit, dous irmáns do val do Nilo
5. A relixión exipcia
6. O enigma. Onde se acocha o deus do templo?
7. O recanto da arte. Tumbas para a inmortalidade

*Obradoiro de Historia – Síntese*

### **TERCER TRIMESTRE**

#### **TEMA 11. GRECIA, DE POLIS A IMPERIO**

1. Pregunta clave. Que unía os gregos da Hélade?
2. Dúas grandes polis: Esparta e Atenas
3. O enigma. Era democrática a democracia ateniense?
4. Os gregos colonizan o Mediterráneo
5. Viaxa ao pasado. Os esposais de Fedora e Urian
6. O dominio da Hélade: de Atenas a Macedonia
7. Descubre. O Imperio de Alexandre Magno

*Obradoiro de Historia - Síntese*

#### **TEMA 12. COLONIZACIÓNS E POBOS PRERROMANOS**

1. Pregunta clave. Cal foi a orixe dos pobos celtas e iberos?
2. Fenicios, gregos e cartaxineses
3. Os pobos celtas
4. Viaxa ao pasado: Elandus visita as terras dos castrexos

5. Os pobos iberos
  6. O recanto da arte. A orixinalidade da arte celta e ibérica
- Obradoiro de Historia – Síntese*

### **TEMA 13. ROMA, DA REPÚBLICA AO IMPERIO**

1. Pregunta clave. Fundaron Rómulo e Remo a cidade de Roma?
2. A Roma republicana (séculos VI-I a.C)
3. O enigma. Por que Bruto matou a Xulio César?
4. O Imperio romano (séculos I-V d.C.)
5. Viaxa ao pasado. O lexionario Cayus visita Roma
6. Os habitantes do Imperio
7. O cristianismo, unha nova relixión
8. Descubre. Como se produciu a fin do Imperio?

*Obradoiro de Historia - Síntese*

### **TEMA 14. O LEGADO DA ANTIGUIDADE**

1. Pregunta clave. A nosa cultura é herdeira da clásica?
2. Viaxa ao pasado. Diodoro de Mileto, un heroe olímpico
3. As relixións grega e romana
4. A arquitectura clásica grega
5. A arquitectura funcional romana
6. O recanto da arte. Idealismo e realismo na escultura
7. O recanto da arte. A pintura e o mosaico
8. Descubre. Que símbolos identificaban aos cristiáns?

*Obradoiro de Historia - Síntese*

### **TEMA 15. A HISPANIA ROMANA**

1. Pregunta clave. Por que desembarcaron os romanos na península Ibérica?
2. As provincias de Hispania
3. Viaxa ao pasado. Un banquete na casa do patricio Marcus Cornelius
4. Descubre. A romanización de Hispania
5. A riqueza de Hispania
6. O recanto da arte. O patrimonio hispanorromano
7. O legado romano en Galicia

*Obradoiro de Historia - Síntese*

### **PROXECTO TIC: AS PEGADAS DO NOSO PASADO: ONDE VIVIAMOS?**

## 6. CONCRECIÓNS METODOLOXICAS.

### 6.1. METODOLOXÍA XERAL E ESPECÍFICA

O carácter multidisciplinar de moitas das competencias afástase da concepción do currículo como un conxunto de compartimentos estancos entre as diversas áreas e materias e por iso require unha coordinación de actuacións docentes onde o traballo en equipo debe ser unha constante.

O desenvolvemento de competencias vai acompañado dunha práctica pedagóxica esixente tanto para o alumnado como para o profesorado. Para o alumnado, porque se debe implicar na aprendizaxe e debe adquirir as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que vive, construír a súa identidade persoal, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo.

Para o docente, porque terá que despregar os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os Estándares de aprendizaxe propios da área incluíndo o desenvolvemento das Competencias Clave, e poder alcanzar así os obxectivos do currículo. Non obstante, a pesar de que as competencias teñen un carácter transversal e interdisciplinar respecto ás disciplinas académicas, isto non debe impedir que desde cada área se determinen aprendizaxes específicas que resulten relevantes na consecución de competencias concretas.

O docente deberá buscar situacións próximas aos alumnos para que estes poidan aplicar en diferentes contextos os contidos dos catro saberes que forman cada unha das competencias (saber, saber facer, saber ser e saber estar). Así mesmo, creará contextos e situacións que representen retos para os alumnos; que os inviten a cuestionarse os seus saberes actuais; que os obriguen ampliar a súa perspectiva e a contrastar os seus pareceres cos dos seus compañeiros, a xustificar e a interpretar con rigor, etc.

Para traballar as competencias clave relacionadas co dominio emocional e as habilidades sociais terán un especial protagonismo as actividades de planificación e execución de tarefas en grupo que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións.

A forma de avaliar o nivel de competencia alcanzado será a través da aplicación dos coñecementos e as habilidades traballadas. Agora ben, as competencias supoñen un dominio completo da actividade en cuestión; non son só habilidades, aínda que estas sempre estean presentes. Polo tanto, ademais das habilidades, teranse en conta tamén as actitudes e os elementos cognitivos.

#### *Aspectos xerais*

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
  - Combinar traballo individual e cooperativo.
  - Aprendizaxe por proxectos.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Uso habitual das TIC incluído os smartphones previo permiso do profesorado.
- Papel facilitador do profesorado.

### *Estratexias metodolóxicas*

- Memorización comprensiva.
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- Elaboración de sínteses.
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
- Comentarios de textos, gráficos, mapas...
- Resolución de problemas.
- Estudo de casos (proxectos).
- Exposición oral de contidos e pequenas investigacións.
- Visitas didácticas

### *Exemplo de secuenciación de traballo na aula*

- Motivación:
- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.
- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo, presentándolles interrogantes que motiven o seu interese por iniciar o estudo.
- Presentación da actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc, actividades sobre coñecementos previos e adquiridos de cara favorecer o coñecemento dos contidos e o pensamento crítico.

### *Información do profesorado:*

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

### *Traballo persoal:*

- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, sínteses ou mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva.
- Exposición oral ante a clase de contidos traballados en grupo ou individualmente

### *Avaliación:*

- Análise de producións: caderno, traballos dixitais, mapas, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.



## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS

### Recursos Didácticos

Para cada tema os Recursos Didácticos dos que se dispón son os seguintes:

#### 1. Libro do Alumno e da Alumna

O Libro do Alumno e da Alumna consta de 15 temas para o Primeiro Curso da Materia Xeografía e Historia da Educación Secundaria Obrigatoria.

#### 2. Cadernos de Actividades

Os Cadernos de Actividades serven para reforzar contidos básicos do Libro do Alumno e da Alumna. Por outro lado, en combinación co resto de materiais, constitúen un instrumento para atender as necesidades individuais do alumnado, xa que permiten practicar aqueles coñecementos que secuencian os distintos temas.








#### 3. Recursos Didácticos

*Enderezos da Internet.* Cada tema dispón de enderezos da Internet que serven para reforzar e complementar os contidos, habilidades e competencias traballadas en cada tema.

*Actividades de Avaliación Inicial.* Unha páxina de actividades deseñadas para avaliar os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o estudo de cada un dos temas.

*Actividades de Reforzo e Ampliación.* Unha páxina de actividades de reforzo e outra de ampliación permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.

*Actividades de Avaliación Final.* Dez preguntas seguindo o modelo das avaliacións de diagnóstico para a Educación Secundaria Obrigatoria permiten avaliar o nivel de logro de cada un dos Estándares de Aprendizaxe acadado polos alumnos.

-  O libro de Texto: Xeografía e Historia. XH 1.1 e 1.2. Ed. Vicens Vives.
-  Para os PENDENTES: Xeografía e Historia. XH 1.1 e 1.2. Ed. Vicens Vives.
-  TIC: Proxecto Abalar, Internet, blog de aula...e smartphones do alumnado cando o profesorado o requira e o permita baixo a súa responsabilidade.
-  Aula virtual, Apps informáticas.
-  Xornais e Revistas.
-  Mapas, Atlas e esferas.
-  Biblioteca do centro.

#### 4. Xerador de Avaliacións

Programa informático que permite elaborar de forma automática un amplo abano de probas de avaliación en función do nivel de coñecementos do alumnado. Propóñense 10 actividades distintas para cada tema o libro do alumno e da alumna e para cada unha destas actividades programáronse 3 opcións de avaliación de dificultade crecente: nivel baixo, nivel medio, nivel alto. Cada opción de avaliación permite avaliar tanto os contidos como as competencias clave.

## 8. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

### 8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

No caso da Avaliación, os procedementos e instrumentos de avaliación serán a observación e seguimento sistemático do alumnado, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión, autoavaliación...

As Avaliacións Iniciais, nas que valoraremos os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados antes de iniciar un tema ou unidade didáctica valorando se: son suficientes, se deben mellorar ou se descoñecen.

As Avaliacións Trimestrais para realizar ao final de cada trimestre e que facilitará a avaliación de grandes bloques de contidos, estándares e competencias.

En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

A Avaliación realizarase igualmente a través dos Criterios de Avaliación e os Estándares de Aprendizaxe que poderemos avaliar a través da Rúbrica de Avaliación. Igualmente poderemos levar a cabo unha Avaliación Competencial a partir da rúbrica proposta: *Avaliación das Competencias Clave*.

O grao de adquisición dos obxectivos que se queren acadar tanto respecto dos Estándares de Aprendizaxe como das Competencias Clave valorarase, á súa vez, a partir de catro niveis de logro:

LOGRO – NIVEL 1: Logro non alcanzado.

LOGRO – NIVEL 2: Logro básico.

LOGRO – NIVEL 3: Logro medio.

LOGRO – NIVEL 4: Logro avanzado.

O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non debe ser medido de forma mecánica, senón con **flexibilidade**, e tendo en conta a situación do alumno, o curso en que se atopa, ademais das súas propias características e posibilidades. Á súa vez, a avaliación, cumpre, fundamentalmente, unha **función formativa**, porque lle ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas. Por outra banda, eses indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino. Por iso, os criterios de avaliación veñen a ser un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensino e aprendizaxe.

### 8.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Desenvolvemento de temas, mapas, gráficos, textos.
- Compresión de textos.
- Resolución de exercicios.
- Completar frases, relacionar conceptos ou termos.

- Identificar elementos xeográficos en mapas.
- Resposta a preguntas ou cuestións.
- Cuestións Verdadeiro/Falso.
- Elaboración de gráficas, esquemas e resúmenes.
- Lectura expresiva.

Observación e rexistro:

- Cuestionarios.
- Listas de control.
- Caderno do alumno.

Nas unidades desta materia, realizarase un proceso de avaliación continua. Nas actividades avaliarase, tanto a calidade dos traballos, como o interese e a participación nela, así como a coordinación e o diálogo nos traballos realizados en grupo.

Ó comezo do curso faise unha avaliación inicial, consultando ós alumnos e interpretando o seu historial escolar. Ten por obxecto partir dos coñecementos que xa teñen para construí-la nova fase de aprendizaxe.

A avaliación formativa ou orientadora faise durante o proceso de aprendizaxe, observando sistematicamente o progreso, dificultades,... do alumno en dito proceso.

A avaliación sumativa ou final faise ó remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumno adquiriu as capacidades requiridas e en qué grao.

A avaliación ordinaria:

Farase en tres avaliacións, de tal xeito que os contidos mínimos das primeiras avaliacións poden estar presentes nas seguintes e segundo os criterios de cualificación que se explicitan.

Os instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grado de comprensión dos conceptos e procesos, son:

A observación directa, que nos informa sobre:

- Interese polo traballo.
- A relación cos compañeiros.
- A participación no traballo de grupo.
- A participación en debates e exposicións.
- A realización de sínteses mediante esquemas, resúmenes ou gráficos.

Caderno ou traballos sexan en papel ou dixital que recolle tódalas actividades realizadas ó longo do curso (cos apuntes, traballos, actividades, documentos,...), infórmanos sobre:

- A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos.
- A comprensión dos mesmos.
- A capacidade de síntese e análise.
- A comprensión e desenvolvemento das actividades.
- A utilización das fontes de información.
- Probas escritas e traballos individuais e en grupos.

Nos traballos avaliarase a calidade, exposición, coordinación, interese e participación.

É importante realizar ó remate de cada unidade didáctica algún repaso de actividades representativas que nos informen do grao de comprensión da unidade.

As probas escritas serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades, o tempo que nos permiten detectar qué conceptos, procedementos ou actitudes deben ser reforzados.

### 8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os **criterios** para cualificar os alumnos serán os seguintes:

- Probas escritas (exames) presenciais ou dixitais nas que os alumnos deberán contestar a preguntas tanto teóricas como prácticas.
- No caso de ter cadernos de traballo ou dixitais. O alumnado deberán ter a o día o seu caderno cos diferentes exercicios e esquemas que se van realizando na aula.
- Ter unha actitude positiva e participativa na aula, tanto no que se refire o seu interese, como no que se refire ao traballo e ao esforzo.
- A ponderación dos exames escritos, dixitais ou traballos específicos na nota de avaliación será como mínimo do 80%, dependendo do número de exámes feitos, cada avaliación terá como mínimo dous exames.
- A ponderación de outros traballos, cuestión, tests e as actividades diarias da clase que se realicen durante a avaliación será como máximo do 20%, dependendo do número de traballos feitos.
- Para poder aprobar cada avaliación será imprescindible obter unha calificación de 5 ou superior na nota ponderada dos exames feitos en dita avaliación.
- Ter unha avaliación suspensa implica a obrigação de recuperala, non a recupera facendo media coas demáis avaliacións.
- Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:
  - Si o alumno obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribírase esta sen alteracións nas actas.
  - Si o alumno obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcripción nas actas de avaliación:
  - Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis (exemplo: 7,6 se transcribíran nas actas como un 8), sempre que a nota chegue ou supere o 5.
  - Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis (exemplo: 6,4 ou 7,3 se transcribíran como un 6 ou un 7).
- Se algún alumno é descuberto copiando nun exame, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificaráselle con un 0, e suspenderá dita avaliación.

O alumnado que ao longo do curso non acaden os obxectivos reflectidos nesta programación deberán realizar exames de recuperación. Estes exames realizaranse segundo o criterio do profesor que imparte a materia, aínda que preferentemente ao final da terceira avaliación, tendo dereito á realización dos mesmos o alumnado que teña unha ou como máximo dúas avaliacións suspensas.

A nota que obteña na recuperación será a que computa para a final da avaliación ordinaria.

- Poderán facer voluntariamente o exame de recuperación o alumnado que desexe obter máis nota da obtida na avaliación ordinaria, no caso de non superala mantense a obtida na avaliación.
- O exame da avaliación extraordinaria será o mesmo para todos os grupos co fin de homoxeneizar os niveis e coordinar a materia impartida polos diferentes profesores.
- Actividades de reforzo e de ampliación: Despois da realización das probas da última avaliación (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaránse actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia.
- O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación. Na cortiza da aula e na aula virtual de cada grupo, o profesorado engadirá os criterios. Tamén explicaránse de viva voz nas aulas ao inicio do curso e procuraráse que o alumnado os comprendan. En canto ás familias poderan acudir a páxina web do centro onde se publicará esta programación.

## 9. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E INDICADORES DE LOGRO

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítenos avaliar en cinco niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao docente, ao mesmo tempo, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.

– Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

#### ***Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4***

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.

#### ***Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4***

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.

8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

## **10. SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

O sistema que este Departamento Didáctico aplica para valorar a recuperación das materias pendentes de Xeografía e Historia (1º ESO) será o seguinte:

O alumnado deberá realizar dous exames escritos sobre os contidos traballados e estudados na materia que o alumno/a teña pendente.

O material necesario para estudar dita materia vai consistir nunha serie de preguntas sobre os contidos a estudar o que cada profesor entregará ao seu alumnado e que deberá entregar o día do exame e no dito exame preguntaranse sobre os exercicios do respectivo cuadernillo.

As probas realizaranse segundo o calendario de pendentes elaborado polo Centro.

Os criterios para recuperar a materia son: exame 70%, relación de preguntas, 30% o traballo.

Ademais, coincidindo có momento de realizar estas probas, os alumnos/as deberán entregar os exercicios e tarefas que o profesorado sinaloulles previamente.

Como se avalía (avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

A puntuación repartirase nun 70% (nota do exame) e un 30% (nota das actividades), sendo condición sine qua non a presentación das actividades o día do exame para poder realizarlo. A cualificación de devandito traballo será de 30 % máximo sobre a nota final.

-Cada exame sinalará o valor de cada unha das preguntas.

-Calquera intento de copia conlevará o fin do exame.

## **11. PROCEDIMENTOS NO CAMBIO DE MODALIDADE EN BACHARELATO**

Non procede.

## 12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

Ó comeza-lo curso faise unha avaliación inicial, consultando ós alumnos e interpretando o seu historial escolar. Ten por obxecto partir dos coñecementos que xa teñen para construí-la nova fase de aprendizaxe.

Valorarase os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados antes de iniciar un tema ou unidade didáctica valorando se: son suficientes, se deben mellorar ou se descoñecen.

Data prevista de realización: Primeiras semanas de outubro.

Proba escrita: Constará dunha relación de preguntas teóricas, mapas físicos, gráfico, tipo test, etc. O obxectivo da proba será determinar o grao de consolidación de contidos previos (referidos ao curso ou etapa anterior) e tamén o nivel do alumnado nas competencias básicas.

Calificarase en base a 10. As probas de Avaliación Inicial parten dos obxectivos, competencias e contidos mínimos que o alumnado debeu adquirir ao finalizar o curso anterior. Teremos por tanto preguntas de contidos (cortas e concretas) e tamén preguntas máis abertas e a desenvolver por parte do alumnado para que nos poidan proporcionar unha información máis global do nivel do alumnado (comprensión lectora, expresión escrita, razonamento, motivación...)

Mecanismo para informar ás familias: No caso de carencias de contidos moi acusada informarase a familia a través do seu titor/a así como a o departamento de Orientación do Centro.

Consecuencias dos resultados da proba: A avaliación inicial permítenos coñecer o punto de partida do proceso de ensino-aprendizaxe. Servirá para marcar o nivel de partida dos novos contidos do curso, o número de alumnos que deben recibir reforzo na aula, apoio fóra da aula, materiais específicos que se necesitan etc.

## 13. MEDIDAS ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non-discriminación, flexibilidade, accesibilidade e deseño universal, e cooperación da comunidade educativa.

As aulas amosan unha crecente complexidade e non todos o alumnado pode seguir o mesmo ritmo de aprendizaxe, tanto polo seu propio desenvolvemento psicolóxico como por moi diversas circunstancias persoais e sociais.

Deberán diferenciarse os alumnos que requiren necesidades específicas de apoio educativo en función das súas particularidades, que poden agruparse en estes tres ámbitos:

En primeiro lugar, deberán cubrirse as necesidades educativas especiais.



En segundo lugar, teranse en conta aqueles casos que representan unha incorporación tardía ao Sistema Educativo.

En terceiro lugar, deberá prestárselles unha atención especial a aqueles alumnos que dispoñan dunhas altas capacidades intelectuais.

Por último, prestaráselles igualmente unha atención especial a aqueles alumnos e alumnas con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).

Debe sinalarse que a atención a estes catro grupos de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental do centro educativo en xeral e de cada curso en particular, que persegue a educación integral de todos os alumnos e que se materializa na necesaria integración de todo o alumnado.

A orientación é unha actividade educativa con diferentes ámbitos ou dimensións. Por un lado, diríxese á mellora dos procesos de ensino e, en particular á adaptación da resposta escolar á diversidade de necesidades do alumnado; por outro, diríxese a garantir o desenvolvemento das capacidades que facilitan a madurez dos nenos e das nenas, e que lles permitan adquirir unha progresiva autonomía cognitiva, persoal e social ao longo da Educación Secundaria Obrigatoria.

Nos instrumentos de planificación institucional deberán establecerse os mecanismos necesarios para facilitar unha resposta adecuada ás necesidades educativas do alumnado. Estas respostas poden ser de dous tipos:

- As respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares con distintos graos de significatividade.
- As respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos e materiais do centro para atender este alumnado e coa planificación das medidas educativas máis adecuadas.

A Orientación Educativa organízase en tres niveis que van desde a acción titorial, desenvolta na aula, e as tarefas orientadoras que realizan os Departamentos de Orientación, ata as actuacións complementarias dos equipos de apoio externo. Aínda que cada un destes niveis ten funcións específicas, complementáanse entre si, dado que comparten a mesma finalidade e obxectivos xerais comúns: a personalización da educación e a contribución ao desenvolvemento dos obxectivos establecidos nesta etapa educativa.

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que se refire o artigo 71 da Lei Orgánica de Educación 2/2006, de 3 de maio e as modificacións que incorpora a LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) con respecto a dito artigo nos seus apartados 1 e 2, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso.

Poderanse tomar medidas de reforzo como o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo realizarase atendendo as súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Cando os alumnos presenten graves carencias na lingua de escolarización do centro, recibirán unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirán o maior tempo posible do horario semanal.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal polo persoal coa debida cualificación e nos termos que determinen as administracións educativas, flexibilizarase de forma que poida anticiparse un curso ao inicio da escolarización na etapa ou reducirse a súa duración, cando se prevea que son estas as medidas máis adecuadas para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización.

A acción titorial está ligada a unha visión integral da educación, cuxo fin é a formación de persoas que, ademais de dispor de coñecementos, desenvolvan o conxunto das súas potencialidades e saiban desenvolverse no mundo actual.

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións mediante procedementos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder as necesidades detectadas.

## 14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

### 14.1. FOMENTO DA LECTURA. COMPRENSIÓN LECTORA. EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

#### Fomento da Lectura. Comprensión Lectora.

Os obxectivos do noso proxecto para a Educación Secundaria Obrigatoria:

- Potenciar o gusto pola lectura, as habilidades de lectoescritura e as capacidades reflexivas inherentes a unha lectura en valores desde a certeza que son a base da aprendizaxe.
- Sumar e coordinar os esforzos das distintas áreas curriculares e das familias para facer posíbel os citados propósitos.
- Desenvolver estratexias de lectura reflexiva que favorezan as potencialidades do alumnado para realizar unha lectura en valores.
- Promover a reflexión e o diálogo arredor ás lecturas entre o alumnado como medio para iniciar postas en común das propias motivacións, valores ou opinións.
- Entender a lectura como unha fonte de coñecemento, de enriquecemento lingüístico e desenvolvo moral imprescindible na nosa sociedade.
- Favorecer o coñecemento das unidades lingüísticas do castelán e o galego e das súas combinacións observando as semellanzas entre ambos os dous.
- Potenciar o coñecemento do inglés e a produción e comprensión oral ou escrita de diversos tipos de texto neste idioma.
- Estimular a elaboración propia de textos a través da lectura comprensiva de modelos, así como o interese por compartir e comentar estas creacións individuais.
- Incentivar reflexións argumentadas e coherentes sobre a forma e o tema das lecturas que sirvan para definir olladas persoais que respecten unha base textual.
- Suscitar a análise e a vivencia estética das manifestacións literarias.
- Fomentar o uso da biblioteca e da aula de informática utilizándoas como espazos privilexiados de aprendizaxe e goce.
- Activar bibliotecas de aula xestionadas polos alumnos coa intención de fortalecer vínculos de complicidade e diálogo a partir das súas experiencias lectoras.
- Impulsar un uso produtivo das TIC que permita localizar e seleccionar datos e informacións de maneira áxil e eficiente, empregando as novas tecnoloxías como instrumentos de motivación, de comunicación e de acceso á lectura.

#### Metodoloxía para a ensinanza e a aprendizaxe da lectura

##### 1. O desenvolvemento e a consolidación de hábitos lectores

Un bo plan lector debe asentarse sobre uns postulados que vertebran o seu deseño e posta en marcha: como orientamos o fomento da lectura na ESO, que peculiaridades e actitudes dos mediadores cabe potenciar nestes cursos, que tipo de inconvenientes podemos encontrarnos, que lecturas seleccionamos para encauzar os nosos obxectivos, que liñas mestras definen un programa de actuación viable e que outras iniciativas poden entorpecelo.

##### 1.1. O fomento da lectura na ESO

Partimos da base de que ao longo da Educación Primaria se foi transmitindo o gusto por ler e que os alumnos empezan a nova etapa dominando competencias funcionais asociadas a operacións cognitivas e automatismos elementais ou ineludibles á hora de descodificar sen grandes problemas textos que respondan ao seu nivel formativo. Naturalmente, é unha presunción que engloba a

xeralidade dos alumnos e que non implica desatender aqueles cuxas habilidades lectoras estean por debaixo da media a través de accións específicas encamiñadas a superar carencias. Como é lóxico, un gran esforzo contraría a curiosidade por abrir calquera libro, por fascinante que nos pareza, e gozar das súas páxinas. Neste sentido, podemos valernos de lecturas titeladas que permitan comentar e afrontar as dificultades máis apremantes.

A grandes trazos, móvenos o propósito de estimular ou consolidar a motivación por ler en estudantes da ESO mediante procedementos creativos e lúdicos que os inviten a unha participación activa para que entendan a lectura como unha vivencia, como un acicate para compartir os seus gustos e inclinacións, as súas experiencias cos libros; e se acheguen a outras realidades distintas á súa reflexionando conxuntamente sobre os interrogantes e as inquietudes que lles susciten. A intención última é colaborar na formación de lectores autónomos e previr que dita tarefa se acolla como unha obriga escolar, como un antollo de profesores benintencionados que á vez negan e recoñecen os puntos de vista e as preferencias dos seus alumnos. Por isto nos decantamos por estratexias abertas e variadas que se adaptan a distintas aptitudes lectoras e consideran a diversidade dos grupos.

## 1.2. A figura do mediador na ESO

Un desenvolvemento óptimo do proxecto lector esixe que os docentes da ESO actúen de mediadores. Hai numerosas características individuais que poden facilitar este labor. Por exemplo:

Coñecer a psicoloxía e a conduta dos escolares.

Ser un lector entusiasta que desexe comunicar a súa paixón, ademais dun bo coñecedor da literatura xuvenil para orientar na elección persoal de lecturas.

Compartir o pracer lector e facer acopio do máximo de recursos didácticos, tanto individuais como materiais.

Ter claro que o seu labor é axudar a formar “lectores” autónomos e estables, non “ledores” que só se achegan aos libros para cubrir esixencias formativas.

Carecer de prexuízos esteticistas sobre o tipo de obras que máis atraian a os seus alumnos e saber espertar a súa curiosidade sen prefixar lecturas de antemán.

Saber adaptar as súas propostas para que non cunda o desalento entre a maioría.

Amosarse receptivo aos valores que se desprenden dos textos para promover a reflexión conxunta e o espírito crítico.

Fomentar a participación por medio de estratexias lúdicas que activen a imaxinación dos rapaces e intentar que superen o medo ao ridículo e á timidez.

Ser capaz de potenciar comprensivamente as expectativas que as obras xeren e as informacións previas que se dispoñen sobre ficcións parecidas.

Non tender á aseveración “irrebatible” que reprima a creatividade dos alumnos e interesarse polas súas interpretacións individuais (aínda que resulten insólitas).

